

ENREDANDO CO GALEGO

Era febreiro do ano pasado. Alí estabamos nós: Mauro, Mikel e Tristán, secuestrados na biblioteca pola maqueta de Plástica que tiñamos que facer. Mauro, o traballador incansable, tiña a fronte pegada aos libros; Mikel, o impulsivo oficial do grupo, estaba a piques dun ataque de histeria; e Tristán, o preguiceiro, limitábase a observar as gotas que deixaban rastros no cristal.

—Isto é unha tortura! —espetou Mikel, botándose cara atrás na cadeira—. Non imos acabar nunca! A nosa maqueta é un desastre monumental! Necesitamos un milagre!

Nese intre, Tristán, cun movemento lento e case imperceptible, sinalou unha mesa desocupada. Había alí unha carpeta vermella de plástico, coma se acabase de caer do ceo.

—Non estaba aí antes—dixo Tristán en voz baixa, e a súa seriedade fixo que se nos pasase o sono.

Mikel, claro, lanzouse coma un raio. —Unha carpeta vermella! É un sinal do destino! A nosa inspiración, seguro!

Mauro suspirou. Sabía que debiamos ignorala e seguir co traballo, pero a curiosidade de Tristán era contaxiosa. Seguímolo.

Ao abrila, non atopamos cartos nin debuxos, senón unha chea de poemas antigos fotocopiados e, no medio, un sobre lacrado cun selo rarísimo. A Mikel abríronselle os ollos.

Mauro, sempre o máis serio, púxose as lentes e examinou o selo. —Agardade. Coñezo este símbolo. Creo que é dun club secreto de poetas que existía aquí hai anos.

Tristán, que non deixaba de mirar dun lado para outro sentiuse incómodo. —O dono pode estar aí fóra observándonos.

Acabamos levando a carpeta para a casa de Mauro, ignorando o posible delito de apropiación indebida. Alí, o sobre lacrado era o noso centro de atención. Mikel tremía de impaciencia.

—Ábreo xa! —insistiu.

Mauro, pola contra, abriuno coa delicadeza dun cirurxián, usando unha vela e unhas pinzas para non romper o lacre. A nota que sacou era elegante e misteriosa: *"Se a vosa curiosidade é tan grande coma o voso talento, saberedes onde se atopa a chave mestra, está nunha das portas máis coñecidas da cidade vella."*

Pasamos horas xogando aos detectives. Mikel, coa súa simpleza, só pensaba en acabar o traballo. Mauro, grazas á súa memoria de historiador, razoaba: —Non é unha chave real. É un concepto. Recordade o que nos di sempre o profesor de filosofía.

Foi entón cando Tristán, que estaba medio durmido, iluminouse de súpeto, coma se tivese unha conexión directa co misterio: —A porta de San Pedro!

Ás cinco da mañá, xeados, estábamos os tres na muralla. Debaixo dunha pedra enorme, Mikel desenterrou unha caixiña de madeira. Non atopamos tesouros, senón unha pluma para escribir antiga e unha carta dun vello poeta. Decía que o enigma fora unha proba de misterio e que a pluma era a verdadeira "chave" para a nosa creatividade.

Non nos fixemos ricos, pero a aventura, mesturando a cabeza fría de Mauro, a enerxía de Mikel e a intuición de Tristán, deunos unha satisfacción que os cartos non podía dar. Volvemos á casa coa pluma na mochila, e por fin, coa inspiración necesaria para acabar a temida maqueta xusto a tempo para a entrega.

Mauro Anllo Vázquez, Mikel Abelleira Hernández, Tristán Alonso Becerra.